

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

MORALES, O BRIGADIER DE CACABELOS

Unhas Letras galegas dende o Bierzo

Varios colectivos e asociacións propoñen que se dedique o vindeiro 17 de maio a Antonio Fernández Morales.

Redacción - 12:30 08/06/2009

En 1861, dous anos antes de que Rosalía dese a coñecer *Cantares Gallegos*, no Bierzo [Antonio Fernández Morales](#), un militar liberal criado en Cacabelos publicaba *Ensaio poético en dialecto berciano*, un libro que contén máis de seis mil versos en galego, e que supón un dos piares do noso rexurdimento literario no século XIX. Non é excesivamente coñecido en Galiza, pero dende distintos colectivos, principalmente dende o Bierzo, [reivindícase a súa figura e solicítase que a Academia lle dedique o Día das Letras en 2010](#).

Dende a [Asociación Xarmenta](#), dise que a concesión das Letras Galegas a Fernández Morales serviría "para descubrirlle á Galiza lingüística e cultural unha parte descoñecida de si mesma, para valorar e recoñecer xustamente un enorme poeta (á altura das nosas tres coroas poéticas do Rexurdimento) e para reforzar a autoestima e a identidade dobremente negada dos bercianos que queremos seguir sentíndonos orgullosos da nosa lingua, a galega".

Outro dos seus grandes valedores é Anxo Angueira, que afirmou que "só a inicial escasa difusión en Galicia, debida sen dúbida ó 'exilio' cultural e político en que viu luz, e a pésima interpretación que dela se fixo (...) privaron esta obra de ser considerada un dos grandes alicerces do sistema literario galego. Negándolle isto negóuselle tamén todo o poder simbólico que a obra tiña, e claramente aínda ten, contra a partición do territorio lingüístico e cultural galego que padecen, máis duramente, as franxas estremeiras".

En anos anteriores a candidatura de Antonio Morales foi apoiada por distintas institucións, colectivos, situados os máis deles fóra da Galiza administrativa: Concello de Cacabelos, Instituto de Estudos Bercianos, Consello Comarcal do Bierzo, Xarmenta. Asociación Berciana da Lingua, A.C. Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo, Seminario de Galego da EOI de Ponferrada, A.C. Vagalume de Carracedelo, Asociación Abertal del Eo-Navia, A.C. Santirso del Eo, Asociación Xente Nova das Portelas, ou a Asociación Fala i Cultura do Val do Ellas. O sábado 27 de xuño celebrábase o VIII Banquete de Cacabelos, dedicado a Morales, precedido dun acto poético-musical ao pé da súa tumba.

Militar e político liberal

A súa actividade política e militar no convulso século XIX foi moi intensa. En 1868 participou moi

activamente na "Gloriosa", a revolución que provocou a caída de Isabel II; por accións en combate foi ascendido a Coronel e nos anos seguintes foi nomeado gobernador militar de varias provincias. En 1872 foi elixido deputado por Vilafranca do Bierzo nas filas do Partido Radical. En toda a súa traxectoria, até a súa morte en 1896, mantivo sempre unha militancia liberal e antiabsolutista, defendendo dende os distintos cargos que ocupou a razón, o progreso, as ciencias e a industrialización, principalmente no Bierzo.

Anxo Angueira sitúao canda aos grandes poetas do noso rexurdimento: "se vivise en Galicia estaría sen dúbida co levantamento provincialista de 1846. O noso poeta, pois, seguiu os mesmos pasos políticos cós precursores da súa xeración e os grandes mestres do Rexurdimento (Pondal, Rosalía e Curros) á beira dos cales, desde o noso punto de vista, cómpre situalo".

Ensaio poético en dialecto berciano, unha obra magna

En 1860 publicou na revista leonesa *El Eslo* o seu primeiro poema en galego: *O fiandón d'a aldea*, un ano antes de editar a súa única obra *Ensaio poético en dialecto berciano*. Este libro, que se adiantou dous anos ao *Cantares Gallegos* de Rosalía, contén 6000 versos en galego distribuídos en 17 poemas de desigual extensión. Alterna a poesía paisaxística, costumista, relixiosa, satírica, crítica e ideolóxica, e tamén a métrica popular coa versificación culta. En palabras de Angueira: "Fernández Morales é un poeta maiormente narrativo, un poeta de fiandón, contador de longas historias, pintor de exuberantes cadros populares sabiamamente enleados, que co seu humor, non exento de ironía e choscadela críticas".

Sobre a lingua empregada por Morales nesta obra, Rosario Álvarez salienta que se trata dun "espléndido retrato do galego berciano da súa época, moi semellante polo demais ó que aínda hoxe se fala no mesmo territorio". A catedrática destaca así mesmo o "compromiso firme" de Morales "de ser fiel á lingua espontánea da comarca, o que o leva a non falsea-la realidade á procura do que 'deberá ser'. Con certeza non se lle oculta que certas formas son castelanismos, mais non por iso deixa de usalas".

'A meu bon amigo D. Mariano Cubí y Soler'

*Deixa q'o cego fanatismo dando
Eses berridos contra a ciencia chegue
D'a gran frenología, é que botando
D'a boca espuma á seu furor se entregue.
Apóstol d' a verdá! Déixa q' o bando
D'o escurantismo sua existencia negue,
Q'os que para ver y oír, ollos y orellas
Teñan, tua ciencia admirarán á fellas.*

*E mais que diga a torpe hipocresía
Q'as tuas doutrinas, noble pelegrín,
Estenden entre os homes a herejía,
Non teñas pena, sigue ese camín
Q' aló dereito á eternidá te guía.
A frente érgue d'o espacio hasta o confín
É con lástima mira os envidiosos
Q'os talois d'os teus péis morden rabiosos.*

'A Vilafranca':

*Piramidáis medeiros d'herba é palla
D'os campeliños é d'o campo todo
Un pueblo novo fáin 'n a sega é malla,*

*D'un muy vistoso campamento a modo.
O mesmo a moza aíli 'n a mies traballa
Q'o robusto rapaz; é decir podo
Q'as mozas báixan y erguen os séus mallos
O mesmo que si foran de bangallos.*

*Regan o campo as presas d'os muhiños
E baña a villa un río que, por téito,
Guirnaldas ten d' huméiros, sangubiños,
Agavanzos, salguéiros y algún fiéito.
Resvala seus cachóis cristaliños
D' arenas d' oro por un blando léito
Onde nadan os péixes, corren múitas
Anguías é brincan fora d'a agua as trúitas.*

*Entre as debesas, en q'as eguas corros,
Pra defenderse, fáin, d'as dentelladas
D'os múitos lobos, y onde van d'os zorros
Fuxindo as pobres lebres apuradas,
Xíbrian os estorniños é cochorros;
Rulan as rolas, q' andan en bandadas,
Gorxéa o pardillo á par d' os reiseñores
Y as barburetas dan bicos 'n as flóres.*

*Frondosas véigas, hortos é cortiñas
Arrodeados de beiróis espesos;
Xardiños é ribéiras é campiñas
É soutos por serpentes d' agua presos;
Arboledas, pradéiras, holgas viñas...*